

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Toponimia

A orixe do nome de Fonfría

O lugar de Fonfría pertence á parroquia de Silva, concello de Pol(Lugo).

Antigamente este lugar non tiña nome. E iso que había varias casas, e por entre elas pasaba un rego que nacía nunha fonte coa auga moi fría.

Unha vez que se xuntaron os veciños para poñerlle nome a aquel lugar acordaron que xa que a auga do rego viña daquela fonte coa auga moi fría podían poñerlle Fontefría, nome do que deriva Fonfría.

[Información de Modesta Castro, recompilada por Jorge Fernández, alumno do CEIP Rosalía de Castro, Mosteiro, Pol (Lugo)]